



Concello da Pastoriza (Lugo)

ANUNCIO

APERTURA PRAZO EXTRAORDINARIO DE SOLICITUDES DE NOVO INGRESO NO PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA CURSO 2018-2019.

Quedando vacantes **10 PRAZAS** no punto de atención a infancia sen que exista lista de espera, de acordo co disposto no artigo 19.1 paragrafo 2 do Regulamento de réxime interno do punto de atención á infancia, iniciase un novo período de solicitudes:

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: 02 AO 23 DE XANEIRO ambos inclusivos.

LUGAR DE PRESENTACIÓN: No rexistro do Concello

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

-**Modelo de solicitude** que se facilitará nas oficinas do Concello e na páxina web <http://www.concelloapastoriza.es> (sección solicitudes)

-Documentación a achegar xunto coa solicitude:

A: DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DA SITUACIÓN FAMILIAR

1. Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte dos pais ou titores legais.
2. Fotocopia compulsada do libro de familia ou outro documento que acredite oficialmente a situación da familia.
3. Certificado de empadramento e convivencia expedido polo Concello. *Artigo 12 Regulamento do PAI é requisito prioritario para ser usuario/a do PAI que a unidade familiar este empadroada no Concello da Pastoriza, entendendo por unidade familiar o neno/a así como ámbolos dous pais, no obstante tamén poderán acceder ao servizo do PAI os nenos/as empadroados noutro concello cando polo menos un dos proxenitores desempeñe a súa labor profesional no termo municipal o que deberá acreditar co correspondente contrato laboral ou certificado de empresa.)*

B: DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DA SITUACIÓN ECONÓMICA

4. Declaración da renda o certificación de estar exento de facela (última presentada-Renda 2017)
5. Última nómina ou nos autónomos xustificante do último ingreso á conta trimestral para xustificar que está empregado.
6. Certificación do INEM acreditativa da situación de desemprego e da recepción ou non de prestacións.

C: DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DE INCIDENCIAS FAMILIARES OU SOCIAIS QUE INFLÚAN NA ADMISIÓN DOS MENOS

7. Título de familia numerosa
8. Informe do órgano competente na materia, sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración nos caso de nenos con discapacidades
9. Informe dos servizos sociais do Concello sobre a inclusión da familia do neno/a nos programas de intervención familiar.
10. outros documentos que xustifiquen incidencias que supoñan unha especial situación familiar ou económica da unidade familiar

A Pastoriza na data indicada á marxe

P.D

(Resolución de Alcaldía de 15 de xuño de 2015)

A Tenente de Alcalde

Elva Carrera González

Documento asinado electrónicamente á marxe (artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das





Concello da Pastoriza (Lugo)

Administracións Públicas.)



CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)



Plaza de Galicia, n.º 1 - C.P. 27287 A Pastoriza (Lugo)
Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33



<http://apastoriza.sedelectronica.gal>
<http://www.concelloapastoriza.es>